

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa a medidas de actuación en relación co sector do Parque Ofimático de A Coruña.

PRIMEIRO.- A urbanización do sector S-7-Parque Ofimático condensa de xeito paradigmático un modelo urbanístico presidido pola súa insostibilidade (tanto urbanística como económica); os sucesivos cambios de ordenación carentes de interese público (tendentes a beneficiar aos promotores), as súas ilegalidades (con sentenzas xudiciais pendentes de execución), a súa litixiosidade e, ao cabo, un grave impacto social para o colectivo de persoas afectadas.

Ao cambio de uso principal do sector (de ofimático a residencial) compre engadir os sucesivos conflitos (aínda pendentes de resolución) derivados dunha expropiación inicial de Xestur que, aprobado o cambio de destino do sector, determinou as demandas de reversión dos expropiados. A elo cabe engadir o propio sistema de xestión elixido, o de cooperación, onde a administración actuante (Concello de A Coruña) decide aprobar, executar e adxudicar unha urbanización cun elevado custo (35 millóns de euros) sen ter dado solución aos conflitos existentes (entre eles o derivado da execución dunha sentenza que recoñece a ADIF aproveitamentos no sector).

Unha urbanización e un sistema de xestión que converte en promotores forzosos (cun elevado custo de repercusión) a residentes que non tiñan vontade de tal, conducidos ao fatal destino de ver demolidas as súas vivendas e residencias no seu espazo vital a cambio (cun elevado custo económico) dunhas parcelas de resultado destinadas a estériles solares na actual coxuntura económica e nunha cidade cun importante stock de vivendas baleiras (algo máis de 19.000) e onde o concello de A Coruña ten renunciado historicamente a calquera política de vivenda que non sexa outra que a de favorecer a promoción privada.

Os despexos solicitados polo concello de A Coruña no sector do Ofimático non son senón o resultado dunha política do solo e da vivenda carente de interese público, insostíbel e despilfarradora.

SEGUNDO.- No canto de proceder a unha reordenación e reaxuste do sector o concello de A Coruña en beneficio do interese público e das demandas da cidadanía decide promover sendas modificacións do Plan Parcial (a última aprobada inicialmente en marzo deste ano) nas que, entre outras cuestións, increméntase o aproveitamento urbanístico (sen maior dotación de espazos públicos) para dar un cumprimento chapuceiro, ilegal e fraudulento á execución da sentenza de ADIF, reordénanse determinadas parcelas (entre elas algunha da propia Xunta-Xestur) para facilitar a súa promoción e venda, anticipase a rebaixa da porcentaxe de reserva para vivenda protexida (VP) suprimindo nas fichas de ordenación a esixencia do 50% e remitindo á aplicación da nefasta Disposición Adicional da lei de vivenda de Galiza (introducida polo goberno do PP), amparando unha rebaixa de dita porcentaxe ata un mínimo dun 8%.

O caso é que preténdense executar despexos nunha zona do sector do Ofimático cando está en trámite unha modificación do Plan parcial , aprobada inicialmente en marzo deste ano, sometida a exposición ao público (na que presentáronse alegacións, non resoltas) e pendente de aprobación definitiva; modificación na que precisamente se modifica o plan de etapas da urbanización, permitindo unha segunda fase precisamente na zona onde, de non remediarse, se producirán os despexos e onde, por certo, a mazá edificatoria está dentro do ámbito de suspensión de licenzas de dito sector.

En consecuencia, o Plan modifícase para beneficiar a determinadores promotores (e á propia Xunta), pero o goberno local négase a facelo cando quen o solicitan son os particulares afectados e, pola contra, acelera a execución das ordes xudiciais nunha zona que o propio concello remite a unha segunda fase na modificación do plan en trámite.

TERCEIRO.- A Xunta non pode manterse á marxe. Non só polo feito de que é o maior propietario do sector (con algo máis do 50%) senón polo feito de que foi a propia Xunta, a través de Xestur, a promotora do sector tanto na súa planificación como na súa xestión.

Son razóns de interese público as que motivan a necesidade de proceder a unha modificación puntual do planeamento (tanto do PXOM como do propio Plan Parcial) para proceder a unha reordenación do ámbito e a un reaxuste do sector (con exclusión da zona situada na marxe dereita da Avda. Alfonso Molina, dirección saída da Coruña) así como unha nova conexión do sistema xeral co sector, no canto da ponte prevista.

Persistir na execución dunha urbanización como a do Ofimático é contraria non só ao interese público senón ao das persoas e colectivos afectados, tanto aos ameazados por despexos como aos titulares de licenzas no ámbito.

Polo exposto, formulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1.-Pensa a Xunta de Galicia promover, a través de Xestur e ante o Concello de A Coruña as modificacións do planeamento (xeral e do plan parcial) tendentes á reordenación e reaxuste do ámbito do sector e cun novo sistema xeral de accesos ao mesmo para procurar unha solución que evite máis despexos derivados da execución do Parque Ofimático?

2.- Instará a Xunta de Galicia ao concello de A Coruña á suspensión e paralización dos despexos no sector do Ofimático ate que se acade unha solución para evitalos?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 14/01/2015 11:21:38